Últimas prazas para o curso de ‘Vendedor técnico’ que se celebrará en Gondomar dentro do AFD

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Venres, 10 Agosto 2012 19:30



-A acción formativa comeza o 13 de agosto

A Concellería de Formación e Emprego informa que aínda quedan prazas libres para o curso de Vendedor Técnico que a Consellería de Traballo e Benestar, dentro del plan formativo para desempregados (AFD), lle concedeu ao Concello de Gondomar, previa solicitude á Xunta de Galicia. O curso, cun orzamento total de máis de 50.000 euros e unha duración de 438 horas, comezará o vindeiro luns 13 de agosto.

Para poder acceder ao curso, os interesados deberán estar en posesión do título de BUP/COU, bacharelato superior, FP2 ou nivel académico similar e ter o certificado de galego (Celga 3). A preinscrición debe formalizarse na oficina de emprego de Baiona.

As persoas interesadas poden informarse no CDL (Avda. Conde s/n ou no teléfono 986 384 020) ou na oficina de emprego de Baiona.